

Expediente IET: P-22-224
Proxecto: Parque eólico Coto Loureiro
Concello: A Laracha e Cerceda (A Coruña)
Promotor: Adelanta Corporación SA

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 18/03/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto de Parque eólico Coto Loureiro.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Coto Loureiro, de 50 MW, composto por 14 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, subestación, zonas de provisión e gabias para a rede eléctrica). Os aeroxeradores terán 3,6 MW de potencia agás un que terá 3,2 MW, cunha altura da buxa de 105 metros e cun diámetro de rotor de 136 metros. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 7.217,17 m dun total de 10.914,50 m.

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas da Coruña consiste nun estudo de impacto ambiental (agosto 2021) que inclúe un EIIP (febreiro 2021) como documento específico (Anexo D) no que se fai a xustificación de aplicación das directrices de paisaxe de Galicia, unha descrición das características do proxecto, a caracterización da paisaxe e unha análise da visibilidade, dando por último unhas medidas de integración paisaxística e determinando os impactos producidos polo proxecto.



3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, na comarca paisaxística de Bergantiños. O proxecto sitúase a uns 4 km da área de especial interese paisaxística AEIP-10-09 Monte do Xalo, 5,5 km ao suroeste aparece a AEIP-09-09 Ribeira da Pena, na mesma dirección a 15,9 km localízase a AEIP-09-07 Lagoa de Alcaían. No relacionado cos miradoiros, no entorno da infraestrutura atópase o miradoiro Santa Marta a 2,2 km ao norte, e na mesma dirección a 5,8 km o miradoiro Monte de Santa Locaia e o miradoiro Monte Alto a 10,8 km, a 3,9 km ao leste atópase o miradoiro sobre a Mina en Meirama e tamén ao leste aparece o miradoiro Monte Xalo a 6,6 km. A distancias comprendidas entre os 4 e os 8 km localízanse os sendeiros PR-G 130, o PR-G 131, o PR-G 129, PR-G 142 e o PR-G 101, aparecendo a 11 km ao leste o Camiño Inglés do Camiño de Santiago.

Os aeroxeradores sitúanse nos contrafortes situados ao noroeste da serra de Montemaior, cunha topografía suave e altitudes que oscilan entre os 415 e os 520 m sobre o nivel do mar. Ao pé destes cumios xorden numerosos cursos fluviais como son o rego do Acheiro, o río Bardoso, o rego dos Lameiros ou o rego da Armada. A principal cobertura do solo é a de mosaico agroforestal con algunhas manchas de plantacións forestais e matogueira. Nas abas destas montañas aparecen unha gran cantidade de núcleos de poboación, estando moitos deles a distancias inferiores aos 2 km, como Silvoso ou San Fins a escasos 500 m. A 4,5 km ao norte localízase Laracha, a 9 km ao oeste Carballo e a 3,2 ao sueste Cerceda. As principais vías de comunicación son a N-550 ao leste, as estradas autonómicas AG-55 e AC-552 ao norte así como a AC-400 ao sur.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai referencia ao estado actual da paisaxe determinando o seu grao de calidade e fragilidade visual da paisaxe. Leva a cabo un estudo da visibilidade dos aeroxeradores nun radio de 15 km e dende algúns dos elementos de valor, ao tempo que achega infografías dende puntos singulares. Resume as características principais do proxecto e fai unha estimación dos impactos previstos. Xustifica como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe. Establecendo por último, medidas de integración, tanto preventivas como correctoras.

Segundo a análise de visibilidade levada a cabo no EIIP, a infraestrutura será visible dende o 49,30 % da superficie da envolvente de 15 km. Os aeroxeradores terán gran incidencia visual nun gran número de núcleos de poboación, así como nas AEIP, miradoiros e sendeiros próximos e no Camiño Inglés. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual que producirán as infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, dominantes no relevo (que lles confire unha alta visibilidade), e por tratarse de elementos alleos á paisaxe natural; todo o cal provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía con outros parques eólicos que, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, se atopan en tramitación ou en funcionamento nas proximidades, o que provocará que no 94,20 % da superficie da envolvente de 15 km sexa visible algún aeroxerador.

As medidas preventivas e correctoras céntranse na revexetación e no tratamento superficial da zona. Estas medidas poden considerarse en xeral axeitadas para a restauración da superficie vexetal, se ben non serán eficaces para reducir o impacto visual dos aeroxeradores.

5. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase completo e axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os numerosos núcleos de poboación, a AEIP Monte do Xalo, o miradoiro do mesmo nome e os sendeiros da contorna. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. Respecto ao núcleos rurais, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

Ademais, deberanse aproveitar ao máximo os camiños xa existentes, co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra. A este respecto, deberanse estudar os camiños de acceso situados entre as posicións 7 e 8, a fin de minimizar a creación de desmontes e terrapléns os cales terán unha importante exposición visual nas abas do monte no que se emprazan, xustificándose de ser o caso a inviabilidade técnica de aproveitamento dos camiños existentes (directriz de paisaxe DX.20.f)

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

